




OS LUGARES DE INTERESE XEOLÓXICO DA RBTGX

18. MINA DAS SOMBRAS



COORDENADAS XEOGRÁFICAS

X 578100 Y 4630545



Estamos nun enclave de interese chamado Mina das Sombras pertencente á ruta xeolóxica do “Parque natural da Baixa Limia-Serra do Xurés”.

A Mina das Sombras foi unha explotación mineira na que se aproveitaron diferentes elementos metálicos ao longo do século XX. O principal recurso metálico extraído foi o volframio, presente en minerais como a Wolframita e a Esquelita, aínda que tamén se extraeron outros minerais ricos en elementos químicos como estaño (cassiteria), molibdeno (molibdenita) e bismuto (bismutina). É un exemplo de minería, fundamentalmente subterránea, que se desenvolveu sen degradar os principais valores naturais do medio. Así, o abandono da actividade mineira permitiu ás galerías converterse nun espléndido refuxio para os morcegos.

O granito no que se atopa esta mina corresponde ao macizo granítico de Gerês. Este macizo está composto por varias facies (zonas con características máis homoxéneas). O dominante é un granito biotítico de gran medio grosso, de aproximadamente 300 millóns de anos. Asociado a este granito, atopamos outro granito máis novo, o granito de Carrís. Trátase dun granito de gran grosso, ás veces con algúns cristais de feldespato máis grandes, que destacan sobre unha matriz de gran medio fino na que a mica principal é a mica negra (biotita). Cabe destacar a presenza de bandas de granito episienitizadas, de marcada cor avermellada. Caracterízanse pola cor rosa que toman os feldespatos de granito debido aos óxidos de ferro.

Dende o punto de vista xeomorfolóxico, é necesario resaltar a pegada que deixou o glaciarismo na zona, visible nalgunhas formacións sedimentarias e nas formas do relevo.